

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PIANO APLICADO I-II
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)
CURSO 2024-2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: PIANO APLICADO I-II											
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN								ITINERARIOS:		
CARÁCTER:	OBRIGATORIA								TIPO DE CLASE:		INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO:	IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO								XEFA DE DPTO.:		PABLO SABIO LADRA
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Teresa Bretal Martínez				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		0,5 h.
ECTS/CUAD.	1,5	1,5							Observacións:		-
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								CORREO		TITORÍA
	Teresa Bretal Martínez								teresa.bretal@gmail.com		Mércores de 20:00 a 20:30 na aula 304 Xoves de 12:00 a 12:30 na aula 3.04
	Pablo Sabio Ladra								pablosl@edu.xunta.gal		Xoves de 12:00 a 13:00 na aula 3.03
	Tomás Sánchez Sánchez								tomassanchezxunta@gmail.com		Mércores de 12:30 a 13:00 Venres de 9:30 a 10:00

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Desenvolvemento dos principios básicos da técnica pianística, da capacidade de lectura a primeira vista, transposición e da improvisación e da comprensión dos elementos e procedementos construtivos (estruturas harmónicas, procesos formais, etc.). Traballo dun repertorio de diferentes estilos.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os tratados no grao profesional en Piano Complementario	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: O estudo do Piano Aplicado debe verse como unha disciplina que globaliza e aúna distintas disciplinas como son Análise, Formación e adestramento auditivo e vocal, Composición, Redución de partituras, Improvisación e acompañamento e Composición aplicada. A disciplina, creada con un carácter eminentemente práctico e funcional para o futuro músico, introducíndolle na audición e práctica polifónica, así como na análise e no desenvolvemento de estruturas harmónicas. As diferentes disciplinas reúnen certas características comúns, cuio coñecemento e práctica son esenciais para a formación dun músico, e o Piano Aplicado ten a virtude de facer este percorrido transversal ao longo delas.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X6, X8, X10, X13, X17, X21, X22, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI3, EI5, EI6, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha técnica pianística básica para acadar unha relaxación fisiolóxica e mental que permita a comprensión e realización das ideas musicais no teclado, empregando as posibilidades sonoras do instrumento.	TODAS
Acadar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista e o transporte ao piano, adoitando hábitos de estudo adecuados e adquirir una progresiva destreza no instrumento.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X24, EP3, EC1, EC9
Estudar estruturas harmónicas básicas frecuentemente utilizadas e coñecer a estrutura de escalas e arpexios aplicadas ao instrumento	T3, T13, X1, X4, X13, X17, EP2, EP3, EC1
Entender as relacións harmónicas sabendo extraer delas os elementos básicos e establecer solucións paralelas ás do autor.	T3, T13, X1, X2, X4, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP3, EC1, EC9
Inventar motivos melódicos desenvolvidos de acordo cos procesos de pregunta-resposta e adaptación por transporte e enlace de estruturas harmónicas básicas.	T3, T13, X2, X22, EP2, EP3
Desenvolver a creatividade rítmica, melódica e harmónica improvisando no teclado por medio de estruturas harmónicas implícitas, e aplicando todos os coñecementos estudados.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EC1, EC9
Saber realizar distintos tipos de acompañamentos desenvolvendo unha estrutura harmónica dentro dun discurso musical, aplicando todos os medios técnicos aprendidos, do xeito máis evolucionado posible e co estilo que se traballe.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1º CUADRIMESTRE (PIANO APLICADO I)		
1. Desenvolvemento técnico.	1.1 Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2 Acústica e sonoridade. 1.3 Aspectos posturais e relaxación. 1.4 Técnica dixital e braquial. 1.5 Paso do pulgar. Escalas e arpegios. 1.6 Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7 Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8 Dixitación. Musical e fisiolóxica. 1.9 Pedalización.	4
2. Análise.	2.1 Análise formal. 2.2 Análise harmónico. 2.3 Análise melódico.	2
3. Interpretación.	3.1 Os estilos na literatura pianística. 3.2 A memoria na interpretación pianística.	2
4. Lectura a primeira vista e transposición	4.1 A lectura a primeira vista. 4.2 Transporte	2
5. Área creativa: Harmónica e Melódica.	5.1 Harmónica. 5.1.1 Enlaces de acordes. 5.1.2 Estructuras armónicas Tonalidades maiores e menores e introducción aos modos. Graos I-II-III-IV- V-V7-VI- V do V e dominantes secundarias. Acordes de sétima. 5.1.3 Cadencias 5.1.4 Transporte de estruturas harmónicas 5.1.5 Patróns de acompañamento. 5.1.6 Cifrado americano.	4

	5.2 Melódica. 5.2.1 Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte) 5.2.2 Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3 Emprego de notas reais e estranas ao acorde.	
6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	2
TOTAL SESIÓNS:		16*
2º CUADRIMESTRE (PIANO APLICADO II)		
1. Desenvolvemento técnico.	1.1 Funcionamento e mecanismo xeral, escape, pedais. 1.2 Acústica e sonoridade. 1.3 Aspectos posturais e relaxación. 1.4. Técnica dixital e braquial. 1.5 Paso do pulgar. Escalas e arpeggios. 1.6 Notas dobres, técnica polifónica básica. 1.7 Articulación. Dinámica. Tipos e ataques relacionados. 1.8 Dixitación. Musical e fisiolóxica. 1.9 Pedalización.	4
2. Análise.	2.1 Análise formal. 2.2 Análise harmónico. 2.3 Análise melódico.	2
3. Interpretación.	3.1 Os estilos na literatura pianística. 3.2 A memoria na interpretación pianística.	2
4. Lectura a primeira vista e transposición	4.1 A lectura a primeira vista. 4.2 Afondamento no traballo do transporte.	2
5. Área creativa: Harmónica e Melódica.	5. 1 Harmónica. 5.1.1Enlaces de acordes. Estructuras armónicas en tonalidades maiores e menores e modos, graos I-II-III-IV- V-V7-VI-VII e dominantes secundarias. Acordes de sétima e novena. 5.1.2 Cadencias: perfecta, plagal e semicadencia. 5.1.3Transporte de estruturas harmónicas. 5.2 Melódica. 5.2.1 Creación de melodías (Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace). 5.2.2 Célula, motivo, semifrase, frase. 5.2.3 Emprego de notas reais e estranas ao acorde.	4
6. Repaso dos contidos tratados	6.1 Repaso, afianzamento e cuestións que poidan xurdir sobre os contidos traballados.	2
TOTAL SESIÓNS:		16*

* O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudados éstos repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos.

Dado que o número de semanas non coincide co número de sesións adaptarase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema.

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN		
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula: traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos temas 1 a 5 da disciplina, en clases individuais e con apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre

Propiciárase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) e a integración do Plan Dixital.		
Práctica individual: Adestramento persoal do alumnado de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Poderase recomendar a lectura de libros e artigos científicos relacionados coa materia para ampliar e asimilar os contidos.		

6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
1. Seguimento diario da asistencia às clases e o aproveitamento das mesmas. É fundamental considerar o cumprimento dos obxectivos do curso, mediante a observación da madurez na aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da materia, neste caso adaptados aos diferentes niveis de referencia dos alumnos. Valoraranse as destrezas acadadas, o nivel de comprensión, a musicalidade, etc., á vez que a produción creativa.	-Amosar na aula unha actitude receptiva ás indicacións do profesor e unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual. -Amosar capacidade para argumentar e expresar verbalmente o seu punto de vista e a comprensión do material traballado.	TODAS	30%
2. Interpretación ao piano 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución.	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais.	TODAS	30%
3. Seguimento diario do traballo da lectura a primeira vista e transporte sobre pezas de dificultade crecente, de épocas e estilos diferentes, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos traballados.	Amosar autonomía e solvencia na lectura a primeira vista e transporte de fragmentos e obras.	T3, T13, X1, X2, X3, X4,X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	20%
4. Seguimento diario do traballo sobre a área creativa	Amosar unha correcta posta en práctica dos coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos descritos no apartado 5 dos contidos.	T3, T6, T13, X1, X2, X4,X13,X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	20%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
1. Interpretación ao piano de 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución.	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais.	TODAS	50%
2. Realización de un exercicio de lectura a vista e transporte	- Amosar autonomía e solvencia na lectura a primeira	T3, T13, X1, X2, X3, X4,X6, X8,	25%

	vista en todos os parámetros existentes na partitura. - Amosar dominio da teoría e mecánica do transporte, ao tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ao novo tono.	X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	
3. Realización de un exercicio de improvisación baseado no apartado 5 dos contidos.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos descritos no apartado 5 dos contidos.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	25%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA-CON MÁIS DE 3 FALTAS)			
1. Interpretación ao piano de 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución.	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais.	TODAS	50%
2. Realización de un exercicio de lectura a vista e transporte	- Amosar autonomía e solvencia na lectura a primeira vista en todos os parámetros existentes na partitura. - Amosar dominio da teoría e mecánica do transporte, ao tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ao novo tono.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	25%
3. Realización de un exercicio de improvisación baseado no apartado 5 dos contidos.	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos descritos no apartado 5 dos contidos.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	25%

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

1. Interpretación ao piano de 2 obras de diferentes estilos e dificultade adecuada, aplicando os medios técnicos e sonoros necesarios para a súa resolución.	Manter unha posición correcta de toda a anatomía implicada na execución, favorecendo a calidade sonora e ligando os aspectos técnicos e musicais.	TODAS	50%
2. Realización de un exercicio de lectura a vista e transporte	- Amosar autonomía e solvencia na lectura a primeira vista en todos os parámetros existentes na partitura. - Amosar dominio da teoría e mecánica do transporte, ao tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ao novo tono.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X6, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EP2, EP3, EC1, EC9	25%
3. Realización de un exercicio de improvisación baseado no apartado 5 dos	Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos descritos no	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22,	25%

contidos.	apartado 5 dos contidos.	EP2, EP3, EP5, EC1, EC9	
<p>Observacións: No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderá realizarse un exame ó final do cuadrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á acadada coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.</p> <p>SISTEMA DE CUALIFICACIÓN: Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31) 0-4,9: Suspenso 5,0-6,9: Aprobado 7,00-8,9: Notable 9,00-10: Sobresaliente</p> <p>A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.</p> <p>Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en: desenvolvemento de unha estrutura harmónica, unha lectura a primeira vista e interpretación de dúas obras.</p> <p>A proba realizarase en presenza de alomenos tres profesores/as do departamento de improvisación, e en calquera caso estarán sempre presente os/as profesores/as dos/as alumnos/as aspirantes.</p>			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado.</p> <p>Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

<p>Manuais de consulta</p> <ul style="list-style-type: none"> o Aigner-Monarth, E., Zabner, A., Singer, E., Krebs, G.M. (2009). <i>Piano Fitness</i>. Wien: Universal Edition. o Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2006). <i>Piano complementario 2</i>. Madrid: Enclave Creativa Ediciones o Apellániz Segura, E.; González Sarmiento, F. J.; Molina, Emilio (2007). <i>Piano complementario 1</i>. Madrid: Enclave Creativa Ediciones o Bach, J.S. <i>Album para Ana Magdalena</i>. Barcelona: Edición Ibérica. o Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) <i>22 pequenos preludios. Análisis y metodología de</i>



- trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- o Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
 - o Bartók, B. (2020). *Mikrokosmos*. G. Henle Verlag-Editio Musica Budapest
 - o Burgmüller por Molina, E.; Molina, C. (2006). *25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
 - o Brown, Ch. (2007). *Play at Sight for Piano*. Harlow: Faber Music.
 - o Copland, A. (1955). *Cómo escuchar la música*. México: Fondo de Cultura Económica.
 - o Czerny, C. *El primer maestro de piano op. 599*. Barcelona: Boileau.
 - o Foldes, A. (1948). *Keys to the Keyboard*. New York: Dutton & Company.
 - o Foldes, A. (1958). *Claves del teclado*. Buenos Aires: Ricordi Americana.
 - o García Abril, A (2006). *Cuadernos de Adriana*. Madrid: Bolamar.
 - o Harrington, I., LaMontaine J., Curcio, L. (1962). *Five-Finger Music*. Evanston: Summy-birchard Company.
 - o Harris, Paul (2026). *Simultaneous Learning. Practice Starter Cards*. Harlow: Faber Music.
 - o Harris, Paul (2020). *Improve your sight Reading! A Piece a Week*. Grades 1-6. Harlow: Faber Music.
 - o Molina, E. (1990). *Improvisación al piano. Volúmen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa).
 - o Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 2. Desarrollo de estructuras armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
 - o Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 3. Estructuras melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa).
 - o Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento*. Vol. 1. Madrid: Enclave Creativa Ediciones.
 - o Sánchez Peña, A. (2005). *Piano práctico*. Madrid: Real Musical.
 - o Schumann, R. (2015). *Album de la juventud op. 68*. Kassel: Bärenreiter-Verlag.
 - o Sandor, G. (1981). *On piano playing. Motion, Sound and Expression*. New York: Schirmer Books.
 - o Tchaikovsky, P. I. (1972): *Album for the Youth for piano op. 39*. Budapest: Editio Musica Budapest
 - o Váczki, K. (ed.) (1972). *Piano Duet Music for beginners*. Budapest: Editio Musica Budapest.